

**EMENDAS Á TOTALIDADE ao Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.** (Documento núm. 11320; 10/PL-000004).

- Do G.P de En Marea (doc. núm. 11995)
- Do G.P Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 11998)
- Do G.P dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 12007)

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **EMENDA Á TOTALIDADE, CON PETICIÓN DE DEVOLUCIÓN, ao Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**. (Documento núm. 11320; 10/PL-000004).

O Grupo Parlamentar de En Marea rexeita radicalmente a forma e o contido do Proxecto de lei denominado “de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017 do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017”, e pide, a través desta emenda á totalidade, a súa devolución á Xunta de Galicia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

#### 1.-REXEITAMENTO DO PROCEDEMENTO ESCOLLIDO.

En primeiro lugar, o procedemento escollido para a tramitación pola vía de urxencia e especial de lectura única cercena a capacidade de debate.

Non estamos de acordo co procedemento abreviado e tramitación especial de lectura única e vía de urxencia, dado que supón unha alteración do necesario proceso de debate que unha modificación orzamentaria precisa, o que supón unha devaluación das funcións do Parlamento e un desprezo aos grupos parlamentares da oposición.

Recolle o artigo 134 do Regulamento do Parlamento galego a tramitación dun proxecto de lei en lectura única. “Cando a natureza dun proxecto de lei o aconselle ou a simplicidade de formulación o permita, o Pleno da Cámara, por proposta da Mesa, oída a Xunta de Portavoces ou por iniciativa desta, poderá acordar que este proxecto se tramite directamente e en lectura única ante o Pleno



ou ante unha Comisión. Adoptado o acordo, procederáse a un debate que se suxeita as normas establecidas para os debates á totalidade e seguidamente o conxunto do proxecto someterase a unha soa votación.”

O debate á totalidade réxese nos artigos 79.2, 114 e 115.

O artigo 98 do Regulamento do Parlamento de Galicia dispón os trámites da declaración de urxencia, escollido para a tramitación deste proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e da modificación da lei 1/2017.

Esta declaración de urxencia acurta os prazos con respecto aos establecidos con carácter ordinario, respectando o prazo de 48 horas establecido no artigo 74, sobre o debate a celebrar, coa distribución do informe, ditame ou documentación que teña que servirlle para o debate e en relación co disposto no artigo 79.2 por ser a tramitación en lectura única, cualificado como de totalidade, no que non se poden facer roldas de máis de 15 minutos, e despois delas os demais grupos parlamentarios poderán fixar a súa posición en intervencións que non excedan de 10 minutos.

O procedemento ordinario para a tramitación dun proxecto de lei pola vía ordinaria atópase regulado nos artigos 111 a 121 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

O proceso ordinario de tramitación lexislativa, goza de máis período de tempo para o seu debate, 15 días de presentación de emendas antes do debate, emendas ao articulado e emendas á totalidade, posteriormente ponencia que redacta o informe, 15 días máis para redacción do informe, con audiencia de expertos e colectivos de persoas afectadas.

No debate pois, pola tramitación ordinaria, este é máis amplo e garante a democracia á que representa esta institución parlamentaria, posibilitando o debate artigo a artigo, e tamén o posicionamento en contra, ca presentación de emendas á totalidade e con proxectos alternativos.

Favorece a participación do resto dos grupos parlamentares, que a través das diferentes tipoloxías de emendas adicionan máis contido ao reflectido no propio proxecto, sendo que estas se poden interpoñer antes e durante o longo da



tramitación do citado proxecto de lei, incluso, na súa tramitación plenaria na que a base de acordos se fagan emendas transaccionais.

Polo tanto, é máis acorde co principio de representación da soberanía que se recolle no artigo 1.1 da CE e a través do pluralismo político sinalado e recoñecido no artigo 1.2 da Constitución española e exercido a través dos partidos políticos do artigo 6 da Constitución española.

Tamén atopa mellor acomodo cos principios que informan toda a CE e que son os principios de igualdade, liberdade, xustiza e pluralismo político, establecidos como valores superiores dentro dun estado social e democrático de Dereito e que impregnan toda a Carta Magna.

O pluralismo político recóllese mellor con esta posibilidade de incorporación e debate dos proxectos de lei polos trámites ordinarios, e non polo debate de lectura única onde se limita a emenda ao articulado, e non se posibilita o debate nin as emendas mesmo, senón á súa totalidade.

Aínda que poida parecer que é sinxela a tramitación, o grupo parlamentar de En Marea xa se posicionou en contra da elección da Mesa pola tramitación urxente e lectura única deste proxecto de lei, pois castiga o debate, recortándoo; un debate que se pospón ao final do período de sesións, e que se fai de presa e correndo, sendo previsible pola propia Xunta de Galicia e da propia Cámara a programación, o calendario e as actividades do Pleno e das comisións.

Doutra banda o artigo 9.2 da CE expón que os poderes públicos son os que teñen que promover as condicións para facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Ca técnica da maioría absoluta, a Xunta impón o seu criterio en detrimento da participación do resto da cidadanía, a través dos grupos parlamentarios, que o único do que dispoñen son dos debates parlamentarios, e da escolla na tramitación dos mesmos, algo tan relevante como o incremento na política social, que non ofrece posibilidade de discusión polo miúdo senón que se impón unha adhesión ou un posicionamento a favor ou en contra, en bloque.

Pero sobre todo estase vulnerando o principio, recollido no artigo 23.1 da CE, do dereito á participación nos asuntos públicos por medio dos seus representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal. A limitación nos debates é a máxima expresión da vulneración deste dereito a participación na vida política, ao pluralismo político do principio de igualdade, e por tanto, a



vulneración da esencia do Estado democrático, social e de dereito, que se ve limitados os seus dereitos a través do recorte no proceso parlamentario legislativo e nos seus debates.

## 2.- REXEITAMENTO ECONÓMICO DA PROPOSTA.

A modificación orzamentaria levada a cabo sinala ter tres eixos principais. O primeiro deles vai destinado ao aumento da retribucións dos empregados públicos, que implica un incremento do 1% dos salarios. O segundo eixo ten como obxectivo a política social, a través dun incremento do gasto en sanidade, que se materializa nun maior gasto en persoal e en farmacia hospitalaria, e nun aumento da dotación da RISGA. Finalmente existiría un terceiro eixo destinado a promover o crecemento económico.

Para promover os eixos sinalados no parágrafo anterior, a modificación orzamentaria presentada polo goberno tradúcese nun incremento do gasto de 228 millóns de euros, dos cales:

- a. o 31% vai destinado a incrementos retributivos,
- b. o 45% a políticas sociais
- c. o 23% a crecemento económico.

Ditas porcentaxes significan que dos 228 millóns de euros de incremento do gasto, 118 millóns van destinados a Sanidade, dos cales 46,3 millóns a gasto en persoal e 62,7 millóns a farmacia hospitalaria. En educación existe un incremento de 27,5 millón dos cales, 13 millóns van destinados a gastos retributivos, dos cales 2,2 millóns de euros van destinados aos centros concertados en educación infantil, primaria e ESO, educación especial e centros concertados de Formación Profesional, e 9 millóns á mellora dos centros educativos.

Con respecto á protección social destaca o incremento da RISGA en 4 millóns de euros, o incremento de 10 millóns de euros no programa Libranza vinculada a servizos sociais e coidados no entorno e 2 millóns en inserción laboral para as persoas perceptoras da RISGA:

### Eixos da Modificación proposta

<b>Sistema Sanitario sustentable e de calidade. Fomento</b>	118.085.278€
<b>Consolidar un Sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia .</b>	24.006.074€
<b>Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación</b>	15.588.092€
<b>Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo as políticas de rehabilitación e conservación da vivenda</b>	15.206.160€
<b>Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores</b>	10.730.101€
<b>Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación</b>	10.229.240€
<b>Fomento do sector primario baseado na innovación e calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural</b>	8.472.155€
<b>Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante</b>	5.421.066€
<b>Impulso da consolidación das políticas de gastos vencellados á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento</b>	5.157.296€
<b>Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas mais desfavorecidas a retornar o mais axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero</b>	4.615.523€
<b>Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial</b>	3.217.402
<b>Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados.</b>	3.106.131€
<b>Administración transparente, eficiente e orientada a resultados</b>	1.624.705€
<b>Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado</b>	1.161.435€
<b>Desenvolvemento da economía dixital. Apio á industrial cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información</b>	943.987€
<b>Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia</b>	532.607€
<b>Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público</b>	59.686€
<b>Enerxía Renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono</b>	51.837€
<b>Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa</b>	49.404



Por outra banda, un grave problema e engano que presenta a modificación orzamentaria é que o gasto destinado a política de crecemento económico é practicamente inexistente.

Nos orzamentos do ano 2017 as partidas de: I+D+i, actuacións económicas xerais, dinamización económica rural, desenvolvemento empresarial, comercio e turismo, soamente representan o 6,4% do orzamento total, o que equivale a 687 millóns de euros. Esta cantidade é realmente mais baixa, xa que cando se liquidan os gastos reais son moito mais reducidos, como acontece por exemplo coa I+D+i. Pero ademais o resto supoñen ser transferencias directas a sectores privados, como é o caso do turismo, comercio ou dinamización económica do medio rural. Polo tanto a pregunta que xorde é: cal é o papel que xoga a xunta na promoción da dinamización económica de Galicia?

Na modificación orzamentaria que se presenta, nos eixos de crecemento económico inclúense partidas que non poden ser consideradas políticas que xeren dinamismo económico. Por exemplo: a reforma de centros educativos, difusión da lingua, aprendizaxe linguas estranxeiras, transferencias ao museo do mar de Galicia, auditorio de Lugo, ou programa de reforma de interiores. Pero o mais triste e perigoso é que se considere política de crecemento económico: prevención de incendios, construción para a prevención de incendios e investimento en materia de prevención de incendios, acadando un volume de 2,1 millóns de euros.

Pola contra a única política de crecemento económica baséase en transferencias a empresas privadas: así aparecen 3,1 millóns de fomento da industria forestal no programa 716A e identificadas como unha transferencia de capital a empresas privadas para a industrialización e comercialización, ou 2,6 millóns en promoción do turismo no programa 761A sen saber moi ben quen xestiona tales recursos. Poderíase tamén destacar os 3 millóns de euros do Plan Principia, Investigadores e Tecnólogos, que supón unha transferencia, de novo, ás empresas para a contratación de persoal.

Polo tanto, dos 52,9 millóns de euros, canto pode ser considerado gasto real en dinamización e crecemento económico?

Por outra banda bótase de menos aquel gasto destinado ao fomento de emprego. A creación de emprego e a brutal precariedade existente actualmente son un dos graves problemas que atinxe a Galicia. A Xunta non amosa moito interese. Así no 2016, deixáronse sen gastar mais de 60 millóns de euros destinados á



promoción do emprego é no 2017, existen modificacións orzamentarias, como as presentadas no mes de maio, que implica de novo unha transferencia ás empresas é dicir, a través do gasto público estamos subvencionando o emprego ás empresas.

Nesta modificación orzamentaria non aparece practicamente ningún gasto, a excepción dos 3 millóns de fomento do emprego rural que son unha transferencia aos Concellos.

Estes representan os orzamentos dun territorio sen dinamismo económico, onde as transferencias e as subvencións a empresas resultan ser o eixo vertebrador.

### 3.-REXEITAMENTO DA FORMA DE ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS E ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO DO PAÍS.

O método empregado deturpa o que debería ser un exercicio serio e rigoroso de entender a elaboración do orzamento como un documento completo no que se definan as estratexias para o desenvolvemento do país, a prestación de servizos públicos de calidade e o resto das políticas públicas e de protección social.

A Xunta renunciou a este exercicio e mesmo a exercitar a súa capacidade de autogoberno para limitarse a actuar como unha xestoría contable que se limita a encaixar as cifras decididas polo Goberno central.

A burla que o Goberno do Partido Popular fai do Consello de Política Fiscal e Financeira leva a que as grandes cifras veñan xa decididas: vén imposto o teito de gasto, a cifra de déficit e tamén os ingresos definidos polos anticipos a conta que decide o Goberno central. Que lle queda á Xunta? Armar o puzzle e decidir onde recortar senón lle chegan os ingresos.

E a modificación que incorpora o proxecto de lei que agora se debate para emendar parcialmente o orzamento e máis do mesmo: o Goberno central decide por si mesmo modificar as cifras do Sistema Financeiro Autónomo, o que leva a un incremento de 222 millóns de euros os fondos que recibe Galicia.

Esta revisión dos ingresos van demostrar a inconsistencia da Xunta de Galicia, a súa falta de rigor na elaboración dos orzamentos, porque cando a maioría do Partido Popular os aprobou en febreiro de 2017 xa se sabía que estaban mal





fundamentados: aí están as actas das sesión para demostrar que xa lles advertimos que a estimación de ingresos estaba mal estimada e que máis cedo que tarde terían que vir a esta Cámara a modificalos.

Pois aquí están, recoñecendo que efectivamente os ingresos estaban subestimados, porque a previsión realizada pola Xunta, e que votou a favor o grupo parlamentario Popular, non se correspondía coa realidade.

En realidade xa o sabían, ou polo menos sabíao o conselleiro de Facenda, pero aínda así esta Cámara aprobou uns orzamentos que inevitablemente ían ser modificados. Por que? Por dúas razóns: a primeira e de técnica parlamentaria, porque os corsés e as camisas de forza que limitan a capacidade de autogoberno marcan límites e procedementos na elaboración dos orzamentos que mesmo obrigan a utilizar hipóteses que se saben falsas.

Pero aínda é peor a segunda razón; nestes últimos anos tense desenvolvido unha técnica orzamentaria dolosa que ten como finalidade reforzar a austeridade e o recorte do gasto público.

No proceso de redución do público, utilízanse artimañas como a fixación apriorística dun teito de gasto á baixa que en parte deriva dunha estimación á baixa dos ingresos. Si os ingresos non medran e se limita a cifra de déficit a única solución é recortar o gasto, en especial o gasto en protección social e servizos públicos básicos. Así de sinxelo. Así de tramposo.

E agora, outra vez. Porque a nova estimación de ingresos revisada co actual proxecto de lei vaise quedar por baixo da recadación real de impostos e, polo tanto, cando en 2019 se faga a liquidación final, outra vez será positiva, coma xa foi en 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e será en 2015 e 2016.

No debate orzamentario nós defendemos un incremento do teito de gasto en 750 millóns de euros o que supoñía 500 millóns de euros máis que a cifra proposta pola Xunta.

A emenda que fai o actual proxecto de lei supón a metade desa cifra que foi descualificada con palabras grosas polo goberno e só haberá que esperar ata 2019 para ver como tamén o é o que agora dicimos.

En resumo, rexeitamos este proxecto de lei, que a pesares do excesivo do seu nome non é máis que unha modificación parcial dos orzamentos da Xunta para o presente exercicio, porque:



- a) Non estamos de acordo co procedemento abreviado e tramitación especial de lectura única e vía de urxencia, dado que supón unha alteración do necesario proceso de debate que unha modificación orzamentaria precisa, o que supón unha devaluación das funcións do Parlamento e un desprezo aos grupos parlamentares da oposición.
- b) O contido da lei supón darlle continuidade ás liñas básicas dun orzamento que rexeitamos votando en contra e presentando unha emenda á totalidade e 25 emendas parciais.
- c) O método empregado pon en evidencia a falta de capacidade real de autogoberno da Xunta de Galicia, que se limita a realizar un exercicio contable de encaixar as cifras que lle veñen dadas por decisións nas que non participa.
- d) A cifra de ingresos imposta como modificación dos orzamentos xerais da Xunta para 2017 é claramente insuficiente para as necesidades do país e non se corresponden coa realidade.
- e) A aplicación destes ingresos a financiar gastos demostran a falta de estratexia económica do goberno, sen prioridades claras e, a pesares do seu nome, sen actuar realmente nin sobre o crecemento económico, nin sobre o emprego e sen mellorar o gasto social.
- f) Tecnicamente, é unha chapuza mal fundamentada, na que o goberno se limita a recibir unha cantidade extra de recursos e repartilos en programas e partidas xa existentes, o que, ademais, de ser un recoñecemento de que non estaban suficientemente dotados, demostra que a Xunta non ten ideais e proxectos novos que financiar cando recibe novos recursos.
- g) Non estamos de acordo co castigo ás persoas que traballan no sector público, porque o exiguo 1% de incremento salarial nominal que incorpora o proxecto de lei en realidade supón unha perda de poder adquisitivo, que a día de hoxe é do 1,5%. Isto é, non soben os salarios do persoal público, senón que os reducen en termos reais.

**Por todo o exposto este grupo parlamentar rexeita, con petición expresa de devolución á Xunta de Galicia,** este Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano



2017. Rexeitamento en canto ao fondo, por non ter feitas unhas previsións reais nos orzamentos da Lei 1/2017 de orzamentos para o noso país e tentar remendar con este proxecto os mesmos, observándose que as maiores partidas van destinadas a pagar gastos retributivos, o cal da idea da insuficiencia dos mesmos. E rexeitamento en canto á forma, pola tramitación polo procedemento especial de lectura única e urxente, sen posibilidade de facer emendas que non sexan á totalidade, co que se mutila o debate político, vulnerando o principio de democracia imperante en toda a Constitución Española e no Estatuto de Autonomía e representado por este Parlamento.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Luís Villares Naveira

Deputado e voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 10/07/2017 16:58:37**

**Luis Villares Naveira na data 10/07/2017 16:58:58**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade con texto alternativo**, ao **Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2017** (doc. núm. 11320).

**Modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2017**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, establece o importe dos recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e consigna a contía definitiva da participación das comunidades no Fondo de Compensación Interterritorial (FCI).

En virtude do sinalado, a Comunidade Autónoma de Galiza ten asignadas para o ano 2017 unhas entregas a conta correspondentes aos rendementos do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), do imposto sobre o valor engadido (IVE), dos impostos especiais (IIEE), das transferencias do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais e do Fondo de Suficiencia Global e unha liquidación do sistema de financiamento correspondente ao ano 2015, que no seu conxunto superan en 218.258.179 euros as previsións contempladas no estado de ingresos da Lei 1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para 2017. Pola contra, o FCI asignado á nosa comunidade no Comité de Investimentos



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/07/2017 17:55**  
**Nº Rexistro: 11998**  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

Públicos foi de 44.343.360 euros, inferior xa que logo en 1.632.852 euros ao recollido nos orzamentos da Comunidade Autónoma .

A nosa comunidade non puido dispoñer destes recursos á hora de elaborar os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. A ausencia de Orzamentos Xerais do Estado no momento de tramitar os orzamentos galegos, impediu contar con eses fondos na realización dos mesmos, de xeito que agora é preciso introducir mediante esta lei os rendementos de determinados tributos para o actual 2017 así como a liquidación definitiva de 2015.

Por outra banda, na sesión do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) do día 26 de abril de 2017 adoptouse por unanimidade acordar, en cumprimento da Sentencia do TC 9/2017, de 19 de xaneiro, ditada no conflito de competencias C-4777, que o futuro modelo de xestión do 0,7% do IRPF sexa un modelo mixto xestionado pola Administración Xeral do Estado e polas comunidades autónomas. Para posibilitar o desenvolvemento deste acordo a Orde SSI/596/2017, do 23 de xuño publica o Acordo do Consello de Ministros desa mesma data no que se prevé a correspondente transferencia de fondos finalistas. Estes recursos adicionais son os que financian as actuacións contempladas no articulado da presente lei, que implican unha modificación do articulado da Lei 1/2017, de 8 de febreiro.

O articulado da presente lei contén cinco artigos. O Artigo 1 contempla a adaptación para a Comunidade Autónoma do recollido na Lei 3/2017, do 27 xuño, que supón a concreción dos importes retributivos máximos que debe percibir o persoal do sector público autonómico. Neste aspecto, a norma estatal contempla que as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1% respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2016, en termos de homoxeneidade para os dous períodos, fixando, en consecuencia, a porcentaxe máxima á que se refire a disposición adicional décimo cuarta da Lei de 1/2017, de 8 de febreiro. Procédese, así á dotación dos recursos adicionais dedicados a dar cobertura a este incremento.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
**Nº Rexistro: 11998**  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

O artigo 2 contempla medidas de impulso ao ensino público, a lingua e a cultura galega. Ante o forte deterioro sufrido polo ensino público, a cultura e as políticas de normalización da nosa lingua, é preciso revertir esta situación impulsando medidas que avancen un horizonte de impulso das referidas políticas.

O artigo 3 contén un bloque de medidas destinadas a revertir a actual situación das políticas sociais, reforzando as mesmas. Especial atención merece o eido sanitario e a RISGA, que experimenta un forte incremento da súa dotación ante a deficiente provisión de fondos contemplada nos orzamentos.

Pola súa parte, o artigo 4 contempla a adopción de medidas de estímulo económico, e dota tamén actuacións de imperiosa necesidade, como o impulso á prevención dos incendios ou o establecemento de axudas directas por perdas no sector primario por causa das xeadas. Deste xeito, autorízanse as dotacións que figuran no anexo IV da presente lei.

Por último, o artigo 5 contempla que as dotacións previstas nos artigos anteriores financiaranse cos recursos adicionais detallados no Anexo V da presente lei, conforme ao establecido na Lei 3/2017, do 27 de xuño, e no Acordo do Consello de Ministros do 23 de xuño de 2017 publicado pola orde SSI/596/2017

A primeira disposición derradeira contempla a necesaria modificación da Lei 1/2017 de 8 de febreiro para adaptarse aos preceptos contemplados na presente lei, mentres que as dúas disposicións derradeiras restantes regulan, respectivamente, a habilitación normativa e a entrada en vigor.

**Artigo 1.** Determinación da porcentaxe aplicábel para a adaptación de réxime e condicións retributivas do persoal ao servizo do sector público autonómico á normativa básica estatal e autorización dos créditos destinados á súa cobertura.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

1. Ao abeiro do previsto na disposición adicional décimo cuarta da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, as retribucións do persoal ao servizo do sector público reguladas no título II da citada lei, experimentarán un incremento global do 1%.

2. O persoal da administración xeral da Comunidade Autónoma, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades a que se refire a alínea 5 da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galiza, así como o do resto das entidades instrumentais, percibirá un pago único pola contía de dito incremento correspondente ao tempo no que o persoal estivera en activo no período transcorrido dende o 1 de xaneiro de 2017 ata a data na que se produza a regularización retributiva prevista nesta lei.

3. Os órganos estatutarios de Galiza realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal a medida recollida no número 2, co seu mesmo contido e alcance.

4. As universidades integrantes do Sistema Universitario de Galiza e as súas entidades instrumentais dependentes realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal o sinalado no número 2 do presente artigo.

5. Para a cobertura do disposto nos números anteriores establécense as seguintes regras:

a) Realízanse unha serie de dotacións consolidables que, mentres non se asignen ao seu definitivo subconcepto orzamentario, figurarán no concepto 180 “*Incremento retributivo persoal sector público autonómico*”, polo importe preciso para asumir os custos nas correspondentes partidas do capítulo I, segundo a desagregación que consta no anexo I da presente lei.

b) Dótanse contías adicionais nos créditos correspondentes ao fondo estrutural para atender os gastos dimanantes do incremento retributivo do persoal adscrito ao Sistema Universitario de Galiza.

c) Créanse nas seccións 23 e 50 cadanseu fondo no concepto 530 “*Incremento retributivo persoal sector público autonómico*” para atender ao



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

financiamento de dito incremento retributivo nos entes instrumentais de fora do perímetro de consolidación que o precisen.

6. As transferencias que se realicen en execución do disposto nos números anteriores non lles serán de aplicación nin as limitacións establecidas no artigo 68 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galiza, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, nin as sinaladas no artigo 8 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro.

#### **Artigo 2.** Impulso do ensino público, a cultura e a lingua galega.

De cara a impulsar a preocupante situación do ensino público e revertir os peches de centros públicos, así como impulsar medidas para o fomento da cultura a través de actividades de promoción e difusión cultural e medidas para o avance do proceso de normalización lingüística, autorízanse as dotacións que figuran no Anexo II da presente lei.

#### **Artigo 3.** Adopción de medidas para reforzar o gasto social

Co obxecto de reforzar o gasto social e comezar a revertir as cuantiosas reducións orzamentais experimentadas no mesmo, destinaranse recursos adicionais para o financiamento de diferentes medidas, como o incremento de cobertura e servizos recollidos na lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, unha dotación adicional para as prestacións económicas da RISGA ante a deficiente orzamentación inicial e diferentes actuacións no ámbito sanitario. O reflexo orzamentario desta medidas recóllese nas dotacións do Anexo III da presente lei.

#### **Artigo 4.** Adopción de medidas para o impulso económico e a prevención de incendios.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

Coa finalidade de impulsar medidas para dinamizar a economía, fomentar o cambio de modelo produtivo, e dotar medidas de imperiosa necesidade como o impulso á prevención dos incendios ou o establecemento de axudas directas por perdas no sector primario por causa das xeadas, autorízanse as dotacións que figuran no Anexo IV da presente lei.

### **Artigo 5. Financiamento**

As dotacións previstas nos artigos anteriores financiaranse cos recursos adicionais detallados no Anexo V da presente lei, conforme ao establecido na Lei 3/2017, do 27 de xuño, e no Acordo do Consello de Ministros do 23 de xuño de 2017 publicado pola orde SSI/596/2017.

## **DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS**

### **Disposición derradeira primeira.** Modificación da Lei 1/2017 de 8 de febreiro.

Realizaranse as modificacións necesarias da Lei 1/2017 de 8 de febreiro para adaptarse aos preceptos contemplados na presente lei.

### **Disposición derradeira segunda.** Habilitación normativa

Autorízase á consellería competente en materia de facenda para que dite as normas precisas para a execución do disposto na presente lei.

### **Disposición derradeira terceira.** Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no diario oficial de Galiza



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

## ANEXO I

### INCREMENTOS RETRIBUTIVOS CAPÍTULO I

ENTIDADE	SECCIÓN	SERVIZO	PROGRAMA	CONCEPTO	EXPLICACIÓN	IMPORTE
1 - XUNTA DE GALIZA	1	1	111B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	80.747
1 - XUNTA DE GALIZA	1	2	111B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	13.114
1 - XUNTA DE GALIZA	2	1	111C	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	53.854
1 - XUNTA DE GALIZA	3	1	111D	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	13.285
1 - XUNTA DE GALIZA	4	10	111A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	25.733
1 - XUNTA DE GALIZA	4	11	111A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	936
1 - XUNTA DE GALIZA	4	20	461A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	16.054
1 - XUNTA DE GALIZA	4	21	461A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	1.256
1 - XUNTA DE GALIZA	4	30	312C	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	15.523
1 - XUNTA DE GALIZA	4	40	441A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	32.858
1 - XUNTA DE GALIZA	5	11	311A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	22.168
1 - XUNTA DE GALIZA	5	12	121B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	23.513
1 - XUNTA DE GALIZA	5	21	121A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	192.654
1 - XUNTA DE GALIZA	5	21	131A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	17.689
1 - XUNTA DE GALIZA	5	22	131A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	865.225
1 - XUNTA DE GALIZA	5	23	141A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	8.069
1 - XUNTA DE GALIZA	5	24	121C	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	5.919



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

1 - XUNTA DE GALIZA	5	25	212A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	42.441
1 - XUNTA DE GALIZA	5	26	111E	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	13.829
1 - XUNTA DE GALIZA	5	26	331A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	4.774
1 - XUNTA DE GALIZA	5	27	122A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	10.607
1 - XUNTA DE GALIZA	5	28	121A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	17.754
1 - XUNTA DE GALIZA	6	1	611A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	34.474
1 - XUNTA DE GALIZA	6	2	621A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	70.891
1 - XUNTA DE GALIZA	6	3	612A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	17.931
1 - XUNTA DE GALIZA	6	4	612A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	24.441
1 - XUNTA DE GALIZA	6	4	621A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	13.655
1 - XUNTA DE GALIZA	6	5	124A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	25.726
1 - XUNTA DE GALIZA	7	1	541A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	31.639
1 - XUNTA DE GALIZA	7	1	541B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	13.435
1 - XUNTA DE GALIZA	7	2	541D	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	49.404
1 - XUNTA DE GALIZA	7	3	541B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	150.051
1 - XUNTA DE GALIZA	7	4	521A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	32.197
1 - XUNTA DE GALIZA	7	4	541B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	89
1 - XUNTA DE GALIZA	8	1	511A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	36.309
1 - XUNTA DE GALIZA	8	2	512A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	37.316
1 - XUNTA DE GALIZA	8	3	511A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	7.635
1 - XUNTA DE GALIZA	9	10	321A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL	34.219



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/07/2017 17:55**  
**Nº Rexistro: 11998**  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

					SPA	
1 - XUNTA DE GALIZA	9	10	731A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	28.608
1 - XUNTA DE GALIZA	9	10	732A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	60.568
1 - XUNTA DE GALIZA	9	20	732A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	25.999
1 - XUNTA DE GALIZA	9	30	751A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	10.871
1 - XUNTA DE GALIZA	9	40	322C	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	28.714
1 - XUNTA DE GALIZA	9	40	324A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	37.631
1 - XUNTA DE GALIZA	9	41	322A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	10.551
1 - XUNTA DE GALIZA	9	41	323A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	253.029
1 - XUNTA DE GALIZA	10	10	431A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	31.335
1 - XUNTA DE GALIZA	10	20	432A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	104.893
1 - XUNTA DE GALIZA	10	21	433A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	78.526
1 - XUNTA DE GALIZA	10	60	151A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	17.853
1 - XUNTA DE GALIZA	10	60	421A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	236.672
1 - XUNTA DE GALIZA	10	60	422A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	5.310.752
1 - XUNTA DE GALIZA	10	60	422D	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	244.158
1 - XUNTA DE GALIZA	10	60	422E	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	333.624
1 - XUNTA DE GALIZA	10	60	422G	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	157.407
1 - XUNTA DE GALIZA	10	60	422M	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	6.580.342
1 - XUNTA DE GALIZA	10	60	423A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	164.340
1 - XUNTA DE GALIZA	10	60	423B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	176.300



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

1 - XUNTA DE GALIZA	11	1	411A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	51.542
1 - XUNTA DE GALIZA	11	1	413A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	105.281
1 - XUNTA DE GALIZA	11	2	411A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	20.743
1 - XUNTA DE GALIZA	11	2	413A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	268.638
1 - XUNTA DE GALIZA	12	1	311A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	108.313
1 - XUNTA DE GALIZA	12	2	312B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	156.508
1 - XUNTA DE GALIZA	12	3	311A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	83.232
1 - XUNTA DE GALIZA	12	4	311A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	94.825
1 - XUNTA DE GALIZA	12	4	312D	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	641.917
1 - XUNTA DE GALIZA	12	4	312E	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	88.184
1 - XUNTA DE GALIZA	12	5	312F	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	3.440
1 - XUNTA DE GALIZA	12	5	313A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	57.290
1 - XUNTA DE GALIZA	13	1	711A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	92.139
1 - XUNTA DE GALIZA	13	2	422L	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	42.521
1 - XUNTA DE GALIZA	13	2	551B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	448.361
1 - XUNTA DE GALIZA	13	2	561A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	67.306
1 - XUNTA DE GALIZA	13	2	713B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	234.279
1 - XUNTA DE GALIZA	13	3	713D	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	24.342
1 - XUNTA DE GALIZA	13	3	713E	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	324.554
1 - XUNTA DE GALIZA	13	4	551A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	48.681
1 - XUNTA DE GALIZA	14	1	422K	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL	59.869



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

					SPA	
1 - XUNTA DE GALIZA	14	1	541C	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	94.745
1 - XUNTA DE GALIZA	14	1	561A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	27.132
1 - XUNTA DE GALIZA	14	1	721A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	61.598
1 - XUNTA DE GALIZA	14	1	722A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	20.838
1 - XUNTA DE GALIZA	14	1	723A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	29.060
1 - XUNTA DE GALIZA	20	1	111D	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	16.997
<b>TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL</b>						<b>19.221.922</b>
101 - ESCOLA GALEGA DE ADMON. PÚBLICA	5	80	122B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	10.447
102 - INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	6	80	581A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	27.616
103 - SERGAS	50	1	411A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	80.938
103 - SERGAS	50	1	412A	13100	RETRIBUCIÓNS BÁSICAS	30.122.252
103 - SERGAS	50	1	412A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	10.828.663
103 - SERGAS	50	1	412B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	4.265.372
103 - SERGAS	50	1	414A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	489.313
103 - SERGAS	50	1	561C	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	7.914
105 - A.G.S.P.	5	81	212A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	7.054
107 - INST. GALEGO CONSUMO E DA COMPETENCIA	9	80	613A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	46.228
110 - INST. GALEGO SEGURID. E SAÚDE LABORAL	9	81	324A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	50.579
111 - INST. DE ESTUDOS DO TERRITORIO	7	81	541E	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	19.978
201 - INST. GALEGO DA VIVENDA E SOLO	8	80	451A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	84.447
203 - FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	13	80	713F	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	41.718



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

301 - AX. GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	10	A1	432B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	23.579
302 - AX. GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	121.713
303 - AX. MODERNIZACION TECNOL.DE GALIZA	4	A1	571A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	115.268
304 - AX. GALEGA DE INNOVACION	9	A3	561A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	44.611
305 - AX. TRIBUTARIA DE GALIZA	6	A2	621A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	119.094
306 - AX. DE TURISMO DE GALIZA	4	A2	761A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	105.356
307 - AX. GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	12	A1	312B	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	104.418
308 - AX.G. XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	11	A1	411A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	16.480
308 - AX.G. XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	11	A1	561C	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	1.103
309 - AX. GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	11	A2	412A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	94.254
402 - AX. GALEGA DE EMERXENCIAS	5	A1	212A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	4.612
403 - CIXTEC	6	A1	611A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	50.454
404 - CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	6	B1	611A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	5.540
405 - INST. GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	9	A1	741A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	56.966
407 - INST. ENERXÉTICO DE GALIZA	9	A2	733A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	14.521
408 - AXE. GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	13	A1	712A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	31.972
409 - INST. GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA	13	A2	561A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	9.230
410 - INST.TECNOLÓXICO CONTROL DO MEDIO MARIÑO	14	A1	541C	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	19.868
411 - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	9	B1	324A	180	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	6.343
<b>TOTAL ORGANISMOS E AXENCIAS</b>						<b>47.027.901</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO I</b>						<b>66.249.823</b>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

## INCREMENTOS RETRIBUTIVOS RESTO DOS CAPÍTULOS

ENTIDADE	SECCIÓN	SERVIZO	PROGRAMA	CONCEPTO	EXPLICACIÓN	IMPORTE
1 - XUNTA DE GALIZA	10	40	422C	4440	PGFU. FINANCIAMENTO ESTRUTURAL	2.586.943
1 - XUNTA DE GALIZA	23	2	621B	530	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	1.039.594
103- SERGAS	50	1	411A	530	INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL SPA	247.944
1 - XUNTA DE GALIZA	4	20	461B	8710	ACHEGAS A CRTVG	487.830
<b>TOTAL RESTO DE CAPÍTULOS</b>						<b>4.362.311</b>

<b>TOTAL ANEXO I</b>	<b>70.612.134</b>
----------------------	-------------------





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

## ANEXO II

### IMPULSO DO ENSINO PÚBLICO, A CULTURA E A LINGUA GALEGA

ENTIDADE	SECCIÓN	SERVIZO	PROGRAMA	CONCEPTO	EXPLICACIÓN	IMPORTE
1 - XUNTA DE GALIZA	10	10	422A	6321	REPARACIÓNS, AMPLIACIÓNS E MELLORAS. ED.PRIMARIA	2.537.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	10	422M	6321	REPARACIÓNS, AMPLIACIÓNS E MELLORAS. ED. SECUNDARIA	1.163.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	10	422D	6321	REPARACIÓNS, AMPLIACIÓNS E MELLORAS. ED. ESPECIAL	200.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	10	422E	6321	REPARACIÓNS, AMPLIACIÓNS E MELLORAS. ED. ARTÍSTICAS	100.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	10	422A	6351	ADQUISICIÓNS EQUIPAMENTO FP	1.000.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	20	432B	6400	ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	2.000.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	21	432A	7030	TRANSFERENCIA AO MUSEO DO MAR DE GALIZA	100.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	30	151A	6400	CAMPAÑAS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	2.000.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	10	422A	6	PLAN ESPECÍFICO PARA O ENSINO DO RURAL E DA MONTAÑA	1.232.486
1 - XUNTA DE GALIZA	10	10	422A	6	PLAN DE REVERSIÓN DE PECHE DE CENTROS PÚBLICOS	2.400.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	40	561B	7441	PANEL DE INDICADORES S.U.G.	2.000.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	50	423A	4802	AXUDA A AUXILIARES DE CONVERSA	600.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	50	423A	6401	PROGRAMAS DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA	150.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	50	423A	6408	APRENDIZAXE LINGUAS ESTRANXEIRAS	350.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	50	422I	6401	FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO	65.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	60	423A	6400	MATERIAL DIDÁCTICO DIXITAL	350.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	50	423A	6401	LIBRO DIXITAL	1.885.000
<b>TOTAL</b>						<b>18.132.486</b>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

### ANEXO III

#### MEDIDAS PARA REFORZAR O GASTO SOCIAL

ENTIDADE	SECCIÓN	SERVIZO	PROGRAMA	CONCEPTO	EXPLICACIÓN	IMPORTE
1 - XUNTA DE GALIZA	4	30	312C	22607	AXUDAS EMIGRACIÓN EN VENEZUELA	150.000
1 - XUNTA DE GALIZA	4	30	312C	4700	FOMENTO AUTOEMPREGO EMIGRANTES RETORNADOS	50.000
1 - XUNTA DE GALIZA	4	30	312C	4802	AXUDAS EXTRAORDINARIAS AO RETORNO	200.000
1 - XUNTA DE GALIZA	4	30	312C	4810	AXUDAS A ENTIDADES NO ÁMBITO DAS MIGRACIÓNS	200.000
1 - XUNTA DE GALIZA	12	5	312F	48000	PROGRAMAS DE INTERESE SOCIAL. IRPF	11.453.784
1 - XUNTA DE GALIZA	12	3	312A	4801	RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALIZA	8.000.000
1 - XUNTA DE GALIZA	9	41	322A	4800	INSERCIÓN LABORAL PERCEPTORES DE RISGA	2.000.000
1 - XUNTA DE GALIZA	12	4	312D	4803	LIBRANZA VINCULADA A SERVIZOS SOCIAIS E COIDADOS NO ENTORNO	10.000.000
1 - XUNTA DE GALIZA	9	41	322A	4801	FOMENTO EMPREGO RURAL	3.000.000
1 - XUNTA DE GALIZA	11	2	413A	6287	PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN	1.400.000
103 - SERGAS	50	1	412A	22016	PRODUTOS FARMACÉUTICOS E MATERIAL SANITARIO	61.261.000
103 - SERGAS	50	1	412A	25203	CONTRATACIÓN PERSOAL SANITARIO	3.480.000
103 - SERGAS	50	1	412A	6212	PLAN HUMANIZACIÓN DE ESPAZOS EN CENTROS ASISTENCIAIS	4.000.000
103 - SERGAS	50	1	412A	4600	AXUDAS A UNIDADES ASISTENCIAIS DE DROGODEPENDENCIA	2.300.000
103 - SERGAS	50	1	412A	7600	REFORMA CENTROS DE SAÚDE MUNICIPAIS	1.000.000
<b>TOTAL</b>						<b>108.494.784</b>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/07/2017 17:55**  
**Nº Rexistro: 11998**  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

## ANEXO IV

### MEDIDAS PARA O IMPULSO ECONÓMICO E A PREVENCIÓN DE INCENDIOS

ENTIDADE	SECCIÓN	SERVIZO	PROGRAMA	CONCEPTO	EXPLICACIÓN	IMPORTE
1 - XUNTA DE GALIZA	13	2	551B	6011	PREVENCIÓN DE INCENDIOS	8.102.000
1 - XUNTA DE GALIZA	13	2	551B	6221	CONSTRUCCIÓN PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS	753.000
1 - XUNTA DE GALIZA	13	2	551B	7600	INV. EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS	220.000
1 - XUNTA DE GALIZA	13	2	713B	6042	MELLORAS SILVÍCOLAS MASAS FORESTAIS	270.000
1 - XUNTA DE GALIZA	13	2	713B	6043	INFRAESTRUTURAS FORESTAIS	600.000
1 - XUNTA DE GALIZA	13	2	713B	6044	RESTAURACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA MASA FORESTAL	55.000
1 - XUNTA DE GALIZA	7	4	521A	6081	EQUIPAMENTO AUDITORIO DE LUGO	500.000
1 - XUNTA DE GALIZA	14	1	513A	74002	CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E INSTALACIÓNS PORTUARIAS	2.000.000
1 - XUNTA DE GALIZA	21	1	811B	4600	FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL	2.418.000
1 - XUNTA DE GALIZA	4	A2	761A	6400	PROTECCIÓN E DIFUSIÓN DO TURISMO	2.695.000
1 - XUNTA DE GALIZA	4	A2	761A	83107	PRÉSTAMOS PARTICIPATIVOS MEISA	305.775
1 - XUNTA DE GALIZA	9	A3	561A	4700	PLAN PRINCIPIA - INVESTIGADORES E TECNÓLOGOS	6.000.000
1 - XUNTA DE GALIZA	10	A1	432B	6401	ACTUACIÓNS CULTURAI	100.000
1 - XUNTA DE GALIZA	13	A1	712A	7600	MOBILIZACIÓN DE TERRAS NO CONTORNO RURAL	2.000.000
1 - XUNTA DE GALIZA	13	1	711A	4	AXUDAS DIRECTAS POR PERDAS NO SECTOR PRIMARIO POR CAUSA DAS XEADAS	5.000.000
<b>TOTAL</b>						<b>31.018.775</b>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:55  
Nº Rexistro: 11998  
Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

## ANEXO V

### RECURSOS ADICIONAIS

SUBCONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
100.00	TARIFA AUTONÓMICA SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS. ENTREGAS Á CONTA	98.758.900
210.00	IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO. ENTREGAS Á CONTA	74.816.640
220.00	IMPOSTO SOBRE O ALCOHOL E BEBIDAS DERIVADAS. ENTREGAS Á CONTA	2.833.377
220.01	IMPOSTO SOBRE A CERVEXA. ENTREGAS Á CONTA	108.788
220.03	IMPOSTO SOBRE ELABORADOS DE TABACO. ENTREGAS Á CONTA	12.734.909
220.04	IMPOSTO SOBRE HIDROCARBUROS. T. ESTATAIS. ENTREGAS Á CONTA	-7.279.453
220.06	IMPOSTO SOBRE PRODUTOS INTERMEDIOS. ENTREGAS Á CONTA	142.213
220.07	IMPOSTO SOBRE ELECTRICIDADE. ENTREGAS Á CONTA	13.855.521
400.00	FONDO DE SUFICIENCIA. ENTREGAS A CONTA	18.823.075
400.09	FONDO DE GARANTÍA DE SERVIZOS PÚBLICOS FUNDAMENTAIS. ENTREGAS A CONTA	4.669.157
404.12	SUBVENCIÓN FINALISTA ADMÓN. XERAL. PROGRAMAS DE INTERESE XERAL. IRPF	11.453.784
400.11	FONDOS DE CONVERXENCIA. LIQUIDACIÓN DE EXERCICIOS ANTERIORES	-1.023.880
700.01.17	FONDO DE COMPENSACIÓN. ANO 2017	-1.223.809
700.02.17	FONDO DE COMPLEMENTARIO. ANO 2017	-409.043
<b>TOTAL</b>		<b>228.258.179</b>

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/07/2017 17:55**  
**Nº Rexistro: 11998**

Data envío: 10/07/2017 17:55:27.764

**Ana Pontón Mondelo na data 10/07/2017 17:54:32**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade, con texto alternativo**, ao Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (10/PL-000004, doc.núm. 11320)

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta ao proxecto de lei remitido ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación, as seguintes variacións que a continuación se reflicten, tal que se someta a consideración un texto alternativo.

1) No artigo 3.- Aos puntos existentes, se lle engaden os seguintes:

“h) Mellorar o transporte público de persoas viaxeiras por estrada competencia da Comunidade Autónoma, aumentando a súa dotación.

i) Acelerar o proceso de construción e equipamento de infraestruturas sociais, cun aumento significativo dos seus investimentos, especialmente o destinado ás residencias nas principais cidades galegas e á realización de escolas infantís.

j) Levar a cabo actuacións de reparación e mantemento de infraestruturas sanitarias, así como activar a construción de novos centros de saúde en determinados concellos, cun aumento significativo dos seus investimentos, así como para as reformas e os equipamentos doutros.

k) Acelerar o proceso de construción e mantemento necesario de centros educativos, cun aumento significativo dos seus investimentos, así como incrementar os fondos con destino a comedores escolares.

l) Poñer en práctica no ámbito asistencial sanitario plans de mellora na atención primaria e especializada, con reforzos e consolidación no ámbito do persoal, avanzando na loita contra a precaria situación laboral existente”.

2) Se engade un novo artigo 2 –bis) que modifica o artigo 35 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o 2017, que quedará redactado co seguinte texto:

“Artigo 35.- *Operacións de endebedamento por prazo superior a un ano.*

Un.- A posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderase incrementar durante o ano 2017 nunha contía máxima equivalente ao 0,6 % do produto interior bruto da Comunidade Autónoma.

Para estes efectos, tomarase a posición neta debedora de todos os organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e demais entidades instrumentais de calquera condición que, conforme a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria, estean incluídos dentro do sector das administracións públicas e consoliden o seu endebedamento co da Comunidade Autónoma consonte as normas do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Co obxecto de optimizar a carga financeira global da Comunidade Autónoma, a posición neta debedora da Administración xeral poderá incrementarse coa finalidade de amortizar préstamos dos organismos, os entes e as sociedades indicados no parágrafo precedente, no mesmo importe que se amortice.”

3) Se modifica a Disposición Adicional Sexta da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o 2017, que quedará redactado do seguinte xeito:

“Sexta.- *Prestacións familiares por coidado de fillos/as.*

“Aqueles persoas que, na data 1 de xaneiro de 2017, teñan ao seu cargo fillos/as menores de seis anos terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros por primeiro filla ou fillo, de 1.200 euros pola segunda filla ou

**Grupo Parlamentario**

fillo e de 2.400 euros pola terceira filla ou fillo e sucesivos, nas condicións que estableza a consellería de Política Social”.

**4) No Anexo III relativo a “Reforzo do gasto social”:**

**4.1) Se aumentan nas partidas seguintes:**

Entidade	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Explicación	Importe
1 -XUNTA DE GALICIA	4	30	312C	4804	Axudas á emigración	4.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	8	2	512A	4705	Mellora dos servizos de transporte público	6.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	12	4	312E	64221	Construción de residencias nas cidades de Galicia	6.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	12	4	312E	7806	Convenio ca Deputación de Lugo para residencias	1.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	12	2	312B	62213	Construción de escolas infantís	4.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	12	3	313C	62214	Construción/equipamento outras infraestruturas sociais	4.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	10	10	423A	4810	Axudas comedores escolares	10.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	10	10	422A	62220	Infraestruturas centros educativos	5.000.000

103 -SERGAS	50	11	412B	13100	Reforzamento de persoal atención primaria	2.500.000
103 -SERGAS	50	11	412A	13100	Reforzamento de persoal atención especializada	2.500.000
103 -SERGAS	50	11	412B	621020	Construción Centro de Saúde en Ribadavia	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	621021	Construción Centro de Saúde en Bouzas (Vigo)	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	621022	Construción Centro de Saúde en Vilagarcía	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	621023	Construción Centro de Saúde en Santa Lucía (A Coruña)	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	621024	Construción Centro de Saúde Barrio da Residencia en Lugo	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	621025	Construción Centro de Saúde en A Estrada	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	621025	Construción Centro de Saúde en O Saviñao	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	621026	Construción outros centros de saúde	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	63120	Reforma Centro de Saúde de Barbadás	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	63121	Reforma Centro de Saúde de Porriño	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	63122	Reforma Centro de Saúde de Ribeira	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	63123	Reforma centros de saúde	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	62430	Ambulancias medicalizadas	250.000
103 -SERGAS	50	11	412B	63123	Equipamento hemodiálise en Lugo	500.000
103 -SERGAS	50	11	412B	63123	Creación da unidade de xeriatria en Ourense	400.000



**Grupo Parlamentario**

103 -SERGAS	50	11	412B	63123	Extensión dos programas de cribado de cáncer	500.000
103 -SERGAS	50	11	412B	63123	Fortalecemento servizos nos hospitais comarcais	350.000

Partido dos Socialistas de Galicia

**4.2)** Se modifican as contías á alza correspondentes á “*libranza vinculada aos servizos sociais e coidados de entorno*” e máis a “*renda de inclusión social de Galicia*”, quedando do seguinte xeito:

Entidade	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Explicación	Importe
1 -XUNTA DE GALICIA	12	4	312D	4803	Libranza vinculada servizos sociais e coidados no entorno	20.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	12	3	312A	4801	Perceptores Renda Social	20.000.000

**4.3)** Se modifican os totais, tal que:

o TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL, pasa de 32.453.784 a 98.453.784.

o TOTAL SERGAS, pasa de 70.061.000 a 80.061.000.

e o TOTAL CONSOLIDADO, pasa de 102.514.784 a 178.514.784.

**5)** No Anexo IV relativo a “crecemento económico”:

**5.1)** Se aumentan as partidas seguintes da Administración Xeral da Xunta de Galicia:

Entidade	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Explicación	Importe
1 -XUNTA DE GALICIA	9	40	322C	4604	Fomento emprego en colaboración CCLL	12.872.756
1 -XUNTA DE GALICIA	9	10	741A	4701	Plan de captación de investidores de excelencia	2.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	10	561A	77702	Consolidación de grupos de investigación público - privados	1.500.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	10	561A	4442	Apoio a centros tecnolóxicos universitarios	1.500.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	10	741A	4705	Programas apoio aos sectores da aeronáutica e biotecnoloxía	2.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	10	741A	4706	Programas apoio ás empresas auxiliares de sectores industriais	2.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	10	561A	4708	Programa transferencia tecnolóxica transformados da pesca	1.500.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	10	561A	4709	Programa transferencia tecnolóxica sector agro-alimentario	1.500.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	10	561A	47010	Programa transferencia tecnolóxica innovación téxtil	1.500.000

**Grupo Parlamentario**

1 -XUNTA DE GALICIA	9	10	561A	47011	Programa transferencia tecnolóxica sector da madeira	1.500.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	10	561A	4702	Proxectos de investigación aplicada empresas privadas	1.500.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	10	561A	4302	Proxectos de investigación aplicada centros públicos	1.500.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	30	751A	7706	Plan impulso pequeno comercio	2.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	40	322C	4723	Fomento emprego xente nova	15.993.200
1 -XUNTA DE GALICIA	9	40	322C	4725	Fomento emprego feminino	12.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	9	41	322A	4728	Fomento emprego rural	7.000.000
1 -XUNTA DE GALICIA	13	2	551B	4601	Convenios cos concellos para a prevención incendios forestais	8.000.000

**5.2)** Se modifica a contía á alza correspondentes ao “Fondo de Cooperación Local”, quedando do seguinte xeito:

Entidade	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Explicación	Importe
1 -XUNTA DE GALICIA	21	1	811B	4800	Fondo de Cooperación Local	7.127.244

**5.3)** Se aumentan as partidas seguintes nos Organismos da Xunta de Galicia:

AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60010	Variante de Aradas (Santiago)	1.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60011	Mellora Santiago - Ames	1.500.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60012	Continuación autovía Costa da Morte	3.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60013	VAC Ortegal- S.Sadurniño	2.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60014	Acceso AP-9 Avda. Buenos Aires (Vigo)	1.500.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60015	Saída Sur porto de A Guarda	2.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60016	Variante Alba (Pontevedra)	2.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60017	VAC Tui - A Guarda - tramos pendentes	3.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60018	Mellora Ourense - Pobra de Trives	1.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60019	Conexión N-120 e OU-536 Cadelas	1.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60020	Autovía Celanova -fronteira portuguesa	1.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60021	Mellora LU-621 Láncara - Sarria	1.400.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60022	Conexión Porto Seco Monforte N-120	1.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60023	Mellora LU-642 Oural- Hospital- Ferreira. O Incio	1.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60024	Conexión N VI Vía Ártabra	1.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60025	Estrada Santa Comba - Santiago	1.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60026	Mellora AC-566 Valdoviño - Cedeira	1.018.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60027	Plan xeral humanizacións estradas galegas	5.000.000
AXENCIA GALEGA INFRAESTRUTURAS	8	A1	512B	60028	Outras infraestruturas viarias	2.290.000

## Grupo Parlamentario

**5.4)** Se modifican os totais, tal que:

o TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL, pasa de 21.818.000 a 102.393.200.

o TOTAL ORGANISMOS, pasa de 31.100.775 a 63.808.775

e o TOTAL CONSOLIDADO, pasa de 52.918.776 a 166.201.975.

**6)** No Anexo V relativa a “Recursos adicionais”

**6.1)** Se aumentan nas partidas seguintes:

Subconcepto	Denominación	Importe
950	Préstamos recibidos e emisión de débeda	60.993.200
110	Imposto sobre sucesións e doazóns	68.000.000
40002	Liquidación sistema financiamento 2015	60.290.000

**6.2)** Se modifican o total, tal que:

o TOTAL pasa de 228.258.179 a 417.541.379.

**7)** Se suprime a Disposicións Derradeira Primeira punto 1.

**8)** Se modifica a Disposicións derradeira Primeira no seu punto 2, relativa á modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o 2017, que modifica os números un e dous do artigo 54, quedando redactado como segue:

Un.- Se mantén o redacción orixinal do número un do artigo 54 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o 2017, polo que se suprime do proxecto de lei.

## Grupo Parlamentario

“Dous.- O crédito orzamentario inicial destinado ao pagamento das entregas a conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da comunidade autónoma, ascenden a 122.336.277 euros, dos que 119.961.711 euros corresponden ao Fondo Base e 2.374.566 ao Fondo Adicional”.

9) Á Disposicións derradeira segunda, se lle engade un novo punto co contido seguinte:

“Se autoriza á consellería competente en materia de facenda a efectuar a modificación do apartado 1, nos seus puntos un, dous, tres e catro do artigo 2 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o 2017, co fin de, congruentemente, recoller os recursos adicionais e os novos créditos previstos nesta lei, que deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de cinco días á publicación da mesma.

10) Na Exposición de motivos, logo do terceiro parágrafo, se engaden os tres novos parágrafos seguintes:

“Tamén é necesario ter en conta que o Consello de Ministros do 2 de decembro de 2016, cons posterioridade á celebración do *Consejo de Política Fiscal e Financeira (CFF)*, acordou unha nova marxe de déficit do que a Comunidade Autónoma de Galicia pode dispor, superior á tomada na elaboración da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o no 2017, polo que é necesario aproveitar tal diferenza, máis cando, segundo as previsións dos actuais gobernos central e autonómico, para o futuro será moito menor ou practicamente inexistente tal posibilidade de déficit para as Comunidades Autónomas”.

“Igualmente é necesario aproveitar o exceso de ingreso que se observa no Imposto sobre sucesións e doazóns, posto que fronte a unhas previsións

## Grupo Parlamentario

iniciais para o exercicio de 2017 de 136.544.485 euros, soamente no primeiro trimestre deste ano danse uns dereitos de 203.288.269,13 euros”

“Ademais xa é coñecido o importe da liquidación definitiva do sistema de financiamento correspondente ao exercicio do 2015, segundo contía facilitada polo *Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas*, que para Galicia supón unha diferenza positiva de 60,29 millóns de euros”.

**11)** Na Exposición de motivos, logo do noveno parágrafo, se engade o seguinte:

“Igualmente neste reforzo do gasto social deben terse en conta aspectos insuficientemente dotados nos orzamentos de 2017 e así, entre outros, se aumentan as partidas orzamentarias destinadas á realización de actuacións tan necesarias para acometer obras de infraestruturas sanitarias educativas e sociais, singularmente en residencias e escolas infantís; incrementar as axudas para os comedores escolares; posibilitar novos fondos con destino á mellora dos servizos de transporte por estrada competencia da Comunidade, atender a demanda de aumento de persoal en atención primaria e especializada”.

**12)** Na Exposición de motivos, logo do undécimo parágrafo, se engade o seguinte:

“Igualmente neste esforzo dedicado ás políticas de crecemento económico, se deben ter en conta aspectos insuficientemente dotados nos orzamentos de 2017 e así, entre outros, se aumentan as partidas orzamentarias especialmente as dedicadas ao emprego, con aumentos especiais para o fomento do emprego para o colectivo da xente moza, do emprego feminino e para a promoción do emprego en colaboración cas entidades locais, e singularmente no ámbito rural. A súa vez se reforzan igualmente os programas de apoio aos grupos de I+D, ao comercio de proximidade e de apoio a diversos sectores industriais”. Igualmente neste ámbito, se



**Grupo Parlamentario**

aumentan os recursos incondicionados para os concellos a través do Fondo de Cooperación Local, mantendo a porcentaxe que representan en relación aos ingresos propios. Por último, se reforza o investimento produtivo levando a cabo unha serie de actuacións en diversas estradas da Comunidade, o que contribuirá decisivamente ao aumento do emprego neste sector”.

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2017 17:28:14**

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 11/07/2017**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

3. Mocións.....	3
3.2 10/MOC-000039 (0010939).....	3
(0010939) Entrada da iniciativa.....	4
(0011994) Emendas dos grupos parlamentarios .....	6
(0012004) Emendas dos grupos parlamentarios .....	8
4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	10
4.2 10/PNP-000810 (0008631).....	10
(0008631) Entrada da iniciativa.....	11
(0011999) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	14
4.3 10/PNP-000901 (0009648).....	16
(0009648) Entrada da iniciativa.....	17
(0011947) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	22
(0012002) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	24
(0012005) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	26
4.4 10/PNP-000932 (0009980).....	27
(0009980) Entrada da iniciativa.....	28
(0012003) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	30
4.5 10/PNP-000970 (0010414).....	32
(0010414) Entrada da iniciativa.....	33
(0011946) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	37
(0011997) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	39
(0012001) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	40
4.7 10/PNP-001014 (0010795).....	42
(0010795) Entrada da iniciativa.....	43
(0011945) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	46
(0011966) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	48
(0012000) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	50
4.8 10/PNP-001016 (0010801).....	52
(0010801) Entrada da iniciativa.....	53
(0012006) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	58



### **3. MOCIÓN.**

#### **3.2 10/MOC-000039 (0010939)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 9360, publicada no BOPG n.º 120, do 31.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 20.06.2017)

(0010939) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión Plenaria celebrada o día 20 de xuño de 2017, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán (10/INT-000398, doc. núm. 9360)

### Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Facilitar aos membros da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia o informe de datos dispoñibles pola Consellería de Sanidade sobre atención hospitalaria, a partir do que se fai a planificación da atención sanitaria no verán.
- 2) Contratar en cada EOXI, durante a época de verán, ao persoal dispoñible necesario das listas de contratación de forma que se cubran as baixas por vacacións nos mesmos centros, servizos e categorías, nunha porcentaxe equiparable á porcentaxe de camas que se manteñan habilitadas.
- 3) Conformar unha mesa de avaliación da atención hospitalaria no verán, na que participen representantes das persoas traballadoras hospitalarias, que elabore un informe de conclusións para poder ser utilizado en seguintes anos.

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 23/06/2017 13:29:12**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/06/2017 13:29:18**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----



(0011994) Emendas dos grupos parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea** a través da súa deputada, **Eva Solla Fernández**, e ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción, doc. núm. 10939**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que substancia a Interpelación, doc. núm. 9360, debatida na sesión plenaria do 20 de xuño de 2017, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán (10/MOC-000039).

**Emenda de supresión**

Suprimírase no segundo punto a seguinte frase: “*nunha porcentaxe equiparable á porcentaxe de camas que se manteñan habilitadas*”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:12  
Nº Rexistro: 11994  
Data envío: 10/07/2017 17:12:36.121



**Eva Solla Fernández na data 10/07/2017 17:11:22**

**Luis Villares Naveira na data 10/07/2017 17:11:31**



(0012004) Emendas dos grupos parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galicia  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 10/07/2017 18:05  
 Nº Rexistro: 12004  
 Data envío: 10/07/2017 18:05:33.539

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **10939**, [10/MOC-000039], do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 9360, publicada no BOPG n.º 120, do 31.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 20.06.2017), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 11 de xullo de 2017.

### Emenda de substitución

Propónse a substitución do texto dos apartados 2 e 3 polo seguinte:

“2.- Non pechar unidades de hospitalización, realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao peche de camas nos centros hospitalarios do Sergas, ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...en tanto haxa listas de espera, e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 18:05  
Nº Rexistro: 12004  
Data envío: 10/07/2017 18:05:33.539

3.- Constituír na Mesa Sectorial unha comisión para analizar as necesidades de persoal, co obxecto de garantir a prestación durante todo o ano; reforzando o verán, as continxencias de gripe...”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/07/2017 17:17:30**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/07/2017 17:17:35**



#### **4. PROPOSICIÓN NON DE LEI ANTE O PLENO.**

##### **4.2 10/PNP-000810 (0008631)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Antonio Quiroga Díaz

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Manuel Pérez Seco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa





## (0008631) Entrada da iniciativa



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A superficie queimada en Galicia a 25 de abril de 2017 é altamente alarmante con case 2.000 ha arrasadas polo lume desde o Nadal.

Os lumes comezaron a facer acto de presenza desde principios de ano aproveitando a seca desta tempada, e como as condicións meteorolóxicas seguen amosando un comportamento anómalo para os parámetros habituais da meteoroloxía, aínda que a normalidade no comportamento meteorolóxico fai tempo que semella haber desaparecido e pouco a pouco as consecuencias do cambio climático van collendo carta de natureza e amosando a súa faciana máis dura e crítica.

Os incendios a estas alturas do ano parece que lamentablemente deixan de ser unha nota pintoresca para pasar a ser un alarmante presaxio do que pode chegar a pasar neste país se non cambian drasticamente as condicións climatolóxicas.

Todos e todas sabemos que se se dan certas circunstancias, como ter unha humidade relativa de menos do 30 %, se a temperatura está por riba dos 30 °, se o vento sopra por riba dos 30 km/h (máxime se é nordés) é a cuadratura perfecta, e tamén se estamos diante dunha tempada de seca onde pasen máis de 30 días sen chover. Con estes elementos conxugados o contexto perfecto para unha vaga de lumes está servido.

Estas circunstancias xúntanse co abandono crecente de amplas zonas do país que propician o crecemento descontrolado de mato, sotobosque e bosque sen ningún tipo de organización. As terras labradas e prados, que noutra hora eran un factor de freo aos lumes, hoxe vense reducidas e invadidas pola maleza, e xa non forman amplos espazos que illan o lume no monte; a este factor súmase o despoboamento e o envellecemento imparabile da poboación no medio rural.



Grupo Parlamentario

A falta dunha organización do espazo e dos usos do chan veñen a incrementar o catálogo de eivas que sementan o panorama favorecedor dos lumes que ameazan con mudar a faciana do país.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Nesta iniciativa queremos tocar outro dos factores que inciden nos lumes: os incendios intencionados.

Dentro desta categoría queremos centrarnos nos intencionados (deixamos de lado os incontrolados involuntarios, nomeadamente queimas autorizadas que por diversas razóns se escapan do control por abandono ou falta das medidas adecuadas para o seu control).

Segundo datos de diversas fontes, preto do 80 % dos lumes que asolan o país son debido a diversas tipoloxías de incendiarios polo que consideramos fundamental o control e o seguimento destes individuos con tan perigosas inclinacións.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

A) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Dotar de máis medios os organismos autonómicos encargados do control e do seguimento dos lumes.

2º) Realizar unha campaña de sensibilización nos centros de ensino.

B) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do Estado para que:

1º) En coordinación co Ministerio do Interior incremente o control en zonas sensibles ou de grande e reiterada incidencia dos lumes.



---

■ Grupo Parlamentario

2º) Dote de máis medios a Xustiza co fin de axilizar os xuízos por incendios.

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2017

---

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 04/05/2017 13:33:12**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2017 13:33:23**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/05/2017 13:33:37**



## (0011999) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/07/2017 17:55**  
**Nº Rexistro: 11999**  
 Data envío: 10/07/2017 17:55:54.842

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **8631, [10/PNP-000810]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 11 de xullo de 2017.

#### Emenda de adición

Proponse no apartado A) a inclusión de catro novos puntos, coa seguinte redacción:

“3º) Impulsar a profesionalización do dispositivo de extinción, garantindo a súa non privatización e a súa operatividade baixo un mando único por parte da Xunta de Galicia; reforzar as brigadas de investigación de incendios forestais e impulsar a ampliación de funcións do dispositivo contra os incendios para labores de prevención ao longo do ano, coa conseguinte ampliación da duración dos contratos do persoal contratado de xeito fixo discontinuo.

4º) Elaborar un plan de formación plurianual, consolidando escolas como a de Monforte; completar a mellora dos medios materiais para o persoal.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/07/2017 17:55**  
**Nº Rexistro: 11999**  
 Data envío: 10/07/2017 17:55:54.842



8847226  
884722642222  
064200  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

5º) Impulsar as políticas preventivas, tanto as relacionadas coas infraestruturas de protección como as de ordenación preventiva do espazo forestal e colaborar na prevención con comunidades de montes veciñais en man común, outros propietarios/as e usuarios/as, gandeiros/as e ecoloxistas, tras a elaboración dun plan xeral de rozas e xestión. Apoio ás agrupacións veciñais de vixilancia e ao voluntariado neste ámbito.

6º) Cumprir -e facer cumprir á administración ou concesionaria que corresponda- as medidas preventivas relativas á limpeza das marxes das infraestruturas de comunicación como as liñas férreas, as autoestradas, etc.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**  
 Deputado do G.P. do BNG  
**Ana Belén Pontón Mondelo**  
 Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 10/07/2017 17:11:02**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/07/2017 17:11:07**



#### **4.3 10/PNP-000901 (0009648)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Guadalupe Murillo Solís  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas



(0009648) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 30/05/2017 16:30  
**Nº Rexistro: 9648**  
 Data envío: 30/05/2017 14:49:07.296

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados Guadalupe Murillo Solís, Julia Rodríguez Barreira, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Aurelio Nuñez Centeno, Martín Fernández Prado, Marta Novoa Iglesias, Jaime Castiñeiras Broz, Antonio Mouriño Villar, Diego Calvo Pouso, Gonzalo Trenor, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, o abeiro do disposto nos artigos 160, 98 concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

### Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

### Exposición de motivos

Nos últimos tempos asistimos a un incremento de problemas relacionados cos accidentes viais nos que se ven involucrados os ciclistas. Se ben é certo que o risco mortal de ir en bicicleta en comparación co volume de persoas que usan este vehículo diminuíu -segundo a Dirección Xeral de Tráfico os ciclistas falecidos en vías urbanas en 2015 acadaron o seu mínimo histórico con 10 e a tendencia das mortes en vías interurbanas tamén é á baixa- o número de accidentes e de feridos aumenta no 70% das provincias españolas desde 2011. O acontecido nas últimas semanas obríganos, como representantes políticos dos cidadáns de Galicia, a tomar algunha determinación que tente axudar á desaparición das mortes tráxicas dos ciclistas nas nosas estradas e da vulnerabilidade que senten os usuarios deste medio de transporte e os practicantes deste deporte.

O problema dos accidentes de tráfico con ciclistas involucrados presenta unha dobre vertente. Por unha banda, cómpre tomar medidas in situ, a través dun traballo de campo, nos lugares onde se producen con maior frecuencia estes accidentes ou onde circulan un maior número de ciclistas. Por outra banda, é preciso modificar convenientemente o Código Penal para facilitar as denuncias das vítimas e o cobro das súas indemnizacións así como para penar coherentemente estes delitos nos que o infractor, en moitos casos, queda impune, xerando na cidadanía e nos afectados unha sensación de impotencia.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 30/05/2017 16:30  
**Nº Rexistro: 9648**  
 Data envío: 30/05/2017 14:49:07.296

Actualmente a lexislación non está suficientemente adaptada para dar respaldo xurídico tanto á actuación das Forzas e Corpos de Seguridade como aos Tribunais de Xustiza para facer fronte á esta problemática que afecta hoxe en día a un sector crecente da sociedade -o último Barómetro da Bicicleta en España, realizado por GESOP por encargo da Rede de Cidades pola Bicicleta, pon de manifesto un significativo crecemento no uso deste vehículo desde 2011- que crea evidentes prexuízos e limita e vulnera o pleno exercicio dos seus lexítimos dereitos.

Desde a Secretaría Xeral para o Deporte promóvese o ciclismo como un deporte completo que xera importantes beneficios nos deportistas que o practican ademais de ser unha actividade sustentable que axuda a que os nosos cidadáns e cidadás afasten enfermidades relacionadas co sedentarismo adquirindo uns hábitos saudables que melloran a súa calidade de vida dun xeito destacado, tal e como se insiste desde o programa Galicia Saudable. O ciclismo cobra importancia tamén no Goberno galego como protagonista en dúas das federacións deportivas galegas como son a Federación Galega de Ciclismo e a Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno e as axudas que estas reciben. O deporte en xeral é unha actividade que debe estar presente no noso día a día desde as idades máis temperás ata a nosa vellez. Por iso promóvese o ciclismo, dentro do programa Xogade, que aglutina toda a oferta deportiva promovida pola Xunta de Galicia, como parte da modalidade de duatlón que se compón de carreira a pé e carreira en bicicleta, para que os máis pequenos coñezan este deporte e teñan a posibilidade de continuar a súa formación deportiva a través desta disciplina.

Tamén desde a Consellería de Infraestruturas e Vivenda se está a manter un diálogo constante con este colectivo de cara á promoción e posta en marcha de medidas concretas que contribúan a garantir a súa seguridade viaria; colaborando de modo continuo para afondar en medidas que reforcen a seguridade dos ciclistas, que son os usuarios máis vulnerables das estradas.

Así se recolle no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020, aprobado pola Xunta, onde os ciclistas están considerados como un colectivo de especial atención, prevíndose actuacións específicas encamiñadas a ofrecerlle unha maior seguridade.

Nesta liña, cómpre destacar a colaboración que se vén mantendo desde a Consellería de Infraestruturas e Vivenda coa Federación Galega de Ciclismo, que consiste na entrega de cortaventos reflectantes que fagan aos ciclistas máis visibles; unha prenda que eles mesmos consideran como a máis axeitada para facilitarlles a práctica do deporte e que, ao tempo, lles garante que sexan ben visibles cando circulen polas estradas.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 30/05/2017 16:30  
**Nº Rexistro: 9648**  
 Data envío: 30/05/2017 14:49:07.296

Ademais, a Xunta tamén puxo en marcha e está a executar o Plan de Sendas de Galicia que, nunha primeira e segunda fase, recolle a construción de 170 novos quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas para facilitar unha mobilidade segura aos usuarios máis vulnerables das estradas.

Esta fin de semana producíronse en distintas cidades da xeografía española diversas concentracións en apoio a unha iniciativa que propón medidas para mellorar a seguridade dos afeccionados e deportistas que practican ciclismo. Nestas manifestacións leuse un comunicado dos usuarios da bicicleta como medio de transporte, ocio ou deporte asinado pola Federación Española de Ciclismo, a Federación Española de Tríatlon, a Coordinadora ConBici, Ciclojuristas, así como as federacións autonómicas de Ciclismo e Tríatlon.

Desde o Grupo Parlamentario Popular cremos necesario apoiar algunhas das reivindicacións desta iniciativa e que a consideración e a concienciación acerca da importancia do ciclismo, ben como deporte ou ben como actividade, na nosa sociedade sexa compartida por todos os cidadáns e cidadás, así como por todas as entidades, organizacións e administracións que coas súas medidas poden mellorar a situación dos ciclistas e contribuír á protección deste colectivo formado por milleiros de persoas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao goberno de España para que inicie os trámites necesarios para a reforma do Código Penal que permitan mellorar o marco normativo que regula estes delitos:

- a) Recuperar a figura da imprudencia (despenalizada en xullo de 2015) en calquera dos seus grados, con resultados de lesionados e falecidos como suposto penal.
- b) Revisar o concepto de imprudencia grave cando se provoque un accidente con alcohol ou drogas para ser considerado delito por dolo eventual e aumentar a súa pena.

2. Dirixirse ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para intensificar o control que se leva a cabo nas estradas urbanas e interurbanas, nomeadamente naqueles tramos nos que hai maior concentración de ciclistas:

- a) Vixilancia habitual da Garda Civil de Tráfico (incluíndo medios aéreos) con especial atención aos ciclistas.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/05/2017 16:30  
Nº Rexistro: 9648  
Data envío: 30/05/2017 14:49:07.296

b) Intensificar os controis en zonas habituais de ciclistas, especialmente orientados aos controis de drogas e alcohol.

c) Prestar unha maior atención aos accidentes de ciclistas en todo o país mediante a elaboración de informes.

3. Dirixirse ás Administracións titulares de estradas (Administración Xeral do Estado, Xunta de Galicia, deputacións provinciais e concellos) para, en vías de presenza frecuente de ciclistas realizar unha correcta, visible e abundante sinalización en puntos estratéxicos con carteis que recorden a presenza de ciclistas así como a distancia de 1,5 metros a contar desde a presenza dos ciclistas en paralelo.

4. Dirixirse a tódalas administracións implicadas na seguridade viaria (Administración Xeral do Estado, Xunta de Galicia, deputacións provinciais e concellos) para, en colaboración co Ministerio do Interior a través da Dirección Xeral de Tráfico, levar a cabo campañas sobre as grandes vantaxes do uso da bicicleta e consellos para a seguridade viaria. Nomeadamente, desenvolvemento de campañas de concienciación para crear condutas responsables e seguras entre os distintos usuarios das estradas (*peóns, ciclistas, condutores de distintos tipos de vehículos a motor...*); así como na posta en marcha de medidas que contribúan a reforzar e garantir a seguridade principalmente dos colectivos que se consideran máis vulnerables”.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2.017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 30/05/2017 14:38:35**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 30/05/2017 14:39:13**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 30/05/2017 14:39:20**

**Paula Prado Del Río na data 30/05/2017 14:40:00**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/05/2017 16:30  
Nº Rexistro: 9648  
Data envío: 30/05/2017 14:49:07.296

**Alberto Pazos Couñago na data 30/05/2017 14:40:14**

**César Manuel Fernández Gil na data 30/05/2017 14:40:33**

**Jacobo Moreira Ferro na data 30/05/2017 14:40:43**

**María Isabel Novo Fariña na data 30/05/2017 14:41:05**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/05/2017 14:41:22**

**Martín Fernández Prado na data 30/05/2017 14:41:35**

**Marta Novoa Iglesias na data 30/05/2017 14:41:47**

**Jaime Castiñeira Broz na data 30/05/2017 14:42:07**

**Antonio Mouriño Villar na data 30/05/2017 14:42:17**

**Diego Calvo Pouso na data 30/05/2017 14:42:29**

**Gonzalo Trenor López na data 30/05/2017 14:42:39**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 30/05/2017 14:42:51**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



## (0011947) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei, doc . núm. 9648**, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas, que será debatida na sesión plenaria do día 11 de xullo de 2017. (10/PNP-000901)

### EMENDA N° 1 DE ENGÁDEGA

Débase engadir un novo apartado no punto 1 co seguinte texto:

c) Instar ao Goberno de España a modificar os artigos 140, 142, 152, 379, 380 e 382 de acordo co plantexado pola Mesa Española da Bicicleta e coa súa participación.

### EMENDA N° 2 DE ENGÁDEGA

Débase incorporar o seguinte apartado no punto 2.:

d) Incrementar os medios humanos e materiais necesarios para os controis de velocidade, alcohol, drogas e emprego de dispositivos electrónicos que fomentan a condución desatendida, xa que son as causas da inmensa maioría dos sinistros viarios.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017.



Asdo.: Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputado e voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 10/07/2017 13:51:51**

**Luis Villares Naveira na data 10/07/2017 13:52:00**



## (0012002) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 10/07/2017 18:04  
 Nº Rexistro: 12002  
 Data envío: 10/07/2017 18:04:57.444

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **9648, [10/PNP-000901]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 11 de xullo de 2017.

### Emenda de adición

Proponse engadir na parte resolutiva dous novos apartados, que serían o 5 e o 6, co seguinte texto:

“5. Crear unha mesa galega pola mobilidade cilcista para estudar e planificar actuacións encamiñadas a mellorar a seguranza viaria e a promover o uso da bicicleta como modo de transporte, deporte e lecer.

Formarán parte desta mesa as administracións relacionadas coa seguranza viaria e a mobilidade (administración do Estado, Xunta de Galiza, Deputacións e concellos) e as entidades relacionadas coa promoción e o uso da bicicleta.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/07/2017 18:04**  
**Nº Registro: 12002**  
Data envío: 10/07/2017 18:04:57.444



8873266  
88172842232  
054200  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

6. Dirixirse ao Goberno do Estado para que impulse as reformas normativas necesarias (lei de tráfico e código da circulación) para promover e protexer os modos de mobilidade saudábel, nomeadamente o peonil e ciclista.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
Deputado do G.P. do BNG  
**Ana Belén Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/07/2017 17:16:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/07/2017 17:16:35**

(0012005) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Raúl Fernández Fernández**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas (10/PNP-000901, doc. núm. 9648)

**Emenda de adición**

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“4 bis. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a consolidar, antes de finais de 2019, un plan director de mobilidade alternativa de Galicia dotado cos recursos necesarios.”

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2017

Asdo.: Raúl Fernández Fernández  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Raúl Fernández Fernández na data 10/07/2017 17:27:18**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2017 17:27:24**





#### **4.4 10/PNP-000932 (0009980)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos complementos de nocturnidade e festividade que están a cobrar os profesionais dos puntos de atención continuada



(0009980) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Atención Urxente Extrahospitalaria en Galicia, foi regulada polo Decreto 172/1995 do 18 de maio, coa creación dos Puntos de Atención Continuada e modificado parcialmente polo Decreto 156/2005. Neste sentido, mediante a Orden de 4 de xuño de 2008 (DOG núm. 115 do 16 de xuño de 2008) acórdase regular a provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e de enfermería dos Puntos de Atención Continuada.

A exposición de motivos expresa de xeito claro a necesidade de axustar as peculiaridades da prestación de servizo nos PACs en coherencia coas políticas de persoal aplicables a todos os profesionais do SERGAS e atendendo no referente as retribucións asume as características destes postos de traballo ligados a factores como a nocturnidade e a festividade, regulando as mesmas no seu artigo 6º.

A Disposición Adicional transitoria da Orde fai relación á aplicación paulatina dos complementos de nocturnidade e festividade das contías previstas no seu artigo 6º.2 de xeito que no 2010 aplicaríase o 100% da contía.

Con todo, a día de hoxe, os traballadores e traballadoras dos PACs están a recibir un trato discriminatoria respecto ao resto do persoal do SERGAS, cobrando ditos complementos ao 80% e non ao 100% como o resto de profesionais, o que supón un agravio comparativo e unha vulneración dun dereito fundamental.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a cumprir a legalidade equiparando os complementos de nocturnidade e festividade das e dos profesionais dos PACs, para que pasen a cobrar o 100% de ditos complementos tal e como está contemplado na normativa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/06/2017 13:45:14**

**Luis Villares Naveira na data 05/06/2017 13:45:22**



## (0012003) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 10/07/2017 18:05  
 Nº Rexistro: 12003  
 Data envío: 10/07/2017 18:05:25.327

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **9980**, [10/PNP-000932], do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos complementos de nocturnidade e festividade que están a cobrar os profesionais dos puntos de atención continuada, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 11 de xullo de 2017.

#### Emenda de substitución

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a cumprir a legalidade, convocando de inmediato a mesa sectorial do SERGAS, para negociar coas organizacións sindicais un calendario de recuperación dos acordos asinados e suspendidos desde o ano 2010, e que polo tanto teñen carácter de norma. As sucesivas leis de orzamentos da Xunta de Galiza recollerán as contías pactadas.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 18:05  
Nº Rexistro: 12003  
Data envío: 10/07/2017 18:05:25.327

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/07/2017 17:17:59**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/07/2017 17:18:03**

#### **4.5 10/PNP-000970 (0010414)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José González Vázquez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Guadalupe Murillo Solís  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Silvestre José Balseiros Guinarte  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carlos Gómez Salgado  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Vega Pérez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados



(0010414) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 13/06/2017 12:43  
**Nº Rexistro: 10414**  
 Data envío: 13/06/2017 12:43:10.421

#### **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Guadalupe Murillo Solís, Paula Prado del Río, Cristina Romero Fernández, Gonzalo Trénor López, Sandra Vázquez Domínguez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, María Antón Vilasánchez e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

#### **Xustificación da urxencia**

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

#### **Exposición de motivos**

O 'Incremento de Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana', regulado en el RDL 2/2004, del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (en diante LHL) é un imposto local, dos chamados potestativos, polo que os concellos poden decidir establecelo ou non.

O feito impositivo do imposto é, de acordo co artigo 104 da LHL o incremento de valor que experimenten os terreos urbanos e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título.

A cuantificación do imposto faise de forma obxectiva atendendo ao seu valor catastral e aos anos (cun máximo de 20) durante os cales o propietario foi titular do terreo.

Este método de cuantificación estableceuse por razóns de simplificación da aplicación do Imposto, pero provoca situacións nas que, a pesar de non existir un incremento real do valor do terreo ou mesmo unha perda de valor, a aplicación da norma determina a tributación por este imposto.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/06/2017 12:43  
Nº Rexistro: 10414  
Data envío: 13/06/2017 12:43:10.421

Nos últimos anos o problema recrudeceuse porque a crise inmobiliaria provocou unha perda xeneralizada de valor dos inmobles urbanos.

O certo é que esta situación deu pé a un importante número de reclamacións xudiciais que finalmente desembocaron na formulación de cuestións de inconstitucionalidade, por consideralo contrario ao principio de capacidade económica contido no artigo 31 da CE.

Froito das cuestións expostas o TC emitiu senllas sentenzas declarando inconstitucionais a Norma Foral de Guipúzcoa (STC 26/2017 de 16 de febreiro) e a Norma Foral de Álava (STC 37/2017 de 1 de marzo), nos artigos que regulan a cuantificación do Imposto. Declaráronse inconstitucionais e nulos *“únicamente en la medida que someten a tributación situaciones de inexistencia de incrementos de valor”*.

As normas declaradas inconstitucionais son idénticas, no que á cuantificación do imposto refírese, á normativa que rexe en territorio común (artigo 107 LHL), respecto do que tamén existían expostas cuestións de inconstitucionalidade, polo que o TC ven de pronunciarse en idéntico sentido na recente sentenza de 11/05/2017 na cuestión de inconstitucionalidade nº 4864/2016 e declara por unanimidade que os artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4, todos eles do texto refundido da LHL, son inconstitucionais e nulos, pero unicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.

É importante apuntar que o TC sinala claramente que o IIVTNU non é con carácter xeral, contrario á CE. O é unicamente naqueles supostos nos que somete a tributación casos que non reflicten capacidade económica na medida na que non hai aumento de valor do terreo no momento da transmisión.

O Grupo Parlamentario Popular entende que é preciso modificar a LHL para adaptala a estes pronunciamentos, aínda que xa con esta última sentenza, para os casos nos que se fixeron tributar supostos nos que non existiu aumento de valor do terreo, os concellos deben de proceder a instrumentar mecanismos áxiles para tramitar á devolución das cantidades indebidamente recadadas.

Polo anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/06/2017 12:43  
Nº Rexistro: 10414  
Data envío: 13/06/2017 12:43:10.421

“ O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno de España a modificación do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana aos efectos de axeitala ás últimas sentenzas do Tribunal Constitucional.
2. Demandar dos concellos galegos a habilitación de mecanismos para proceder á devolución aos contribuíntes afectados das cantidades indebidamente recadadas nos supostos declarados inconstitucionais polo Tribunal Constitucional. Estes mecanismos promoverán que a devolución se realice do xeito máis eficaz posible e mediante procedementos áxiles, co fin de evitar a conflictividade neste ámbito tributario.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/06/2017 12:40:04**

**José González Vázquez na data 13/06/2017 12:40:14**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 13/06/2017 12:40:23**

**Paula Prado Del Río na data 13/06/2017 12:40:29**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 13/06/2017 12:40:38**

**Gonzalo Trenor López na data 13/06/2017 12:40:45**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 13/06/2017 12:40:55**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/06/2017 12:41:04**

**Raquel Arias Rodríguez na data 13/06/2017 12:41:12**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/06/2017 12:43  
Nº Rexistro: 10414  
Data envío: 13/06/2017 12:43:10.421

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 13/06/2017 12:41:22**

**Moisés Blanco Paradelo na data 13/06/2017 12:41:29**

**Carlos Gómez Salgado na data 13/06/2017 12:41:37**

**Daniel Vega Pérez na data 13/06/2017 12:41:47**

**Maria Antón Vilasánchez na data 13/06/2017 12:41:56**

**Diego Calvo Pouso na data 13/06/2017 12:42:03**



## (0011946) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García**, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. **10414**, do Grupo Parlamentario Popular, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados, que será debatida na sesión plenaria do día 11 de xullo de 2017 (10/PNP-000970).

### EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Débase substituír o texto do punto 2. polo seguinte:

“2. Incluir unha disposición transitoria para que, con independencia da data de efectos das liquidacións practicadas, os concellos devolvan de oficio o liquidado e recadado indebidamente, e asumindo o Estado a responsabilidade de dita devolución, compensando economicamente aos concellos por dito importe.”.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Portavoz S. do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 10/07/2017 13:40:41**



## (0011997) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados (doc. núm. 10414).

#### Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes puntos:

1bis) Demandar do Goberno de España a elaboración dun estudo sobre a perda de ingresos que supón para os concellos ter que devolver estes ingresos cobrados indebidamente.

1 ter) Demandar do Goberno de España a busca de compensacións desta perda de ingresos nas xa febles facendas locais.

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2017

#### Asinado dixitalmente por:

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/07/2017 17:19:12**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2017 17:19:25**



## (0012001) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/07/2017 18:04**  
**Nº Rexistro: 12001**  
 Data envío: 10/07/2017 18:04:32.434

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **10414, [10/PNP-000970]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 11 de xullo de 2017.

#### Emenda de substitución

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1.- Demandar do Goberno do Estado a modificación, previa negociación coa FEMP, do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais no relativo ao Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana aos efectos de axeitalo ás sentenzas do Tribunal Constitucional.

2.- Demandar ao Goberno do Estado que compense aos concellos polas devolucións do imposto, así como polos importes que deixen de ingresar como



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/07/2017 18:04**  
**Nº Rexistro: 12001**  
 Data envío: 10/07/2017 18:04:32.434



8891236  
88172842222  
065200  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

consecuencia da existencia de transmisións nas que se acredite a ausencia de incremento do valor dos terreos.

3.- Solicitar do Goberno do Estado a aprobación dunhas directrices, acordadas coa FEMP, para regular a devolución polos concellos das cantidades cobradas indebidamente, dacordo cos supostos declarados ilegais polo Tribunal Constitucional.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
 Deputado do G.P. do BNG  
**Ana Belén Pontón Mondelo**  
 Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/07/2017 17:26:51**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/07/2017 17:26:56**



#### **4.7 10/PNP-001014 (0010795)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Xoaquín María Fernández Leiceaga

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Abel Fermín Losada Álvarez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia



(0010795) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, do deputado **Abel Losada Alvarez** e da deputada **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

### Exposición de motivos

Coa venda do Banco Popular, que no seu momento, comprou o Banco Pastor, de longa historia e arraigo en Galicia, ao Banco Santander,ponse o punto e final ao tecido financeiro desta comunidade autónoma. Prodúcese ademais unha situación oligopolística moi forte, con dous axentes que van a ter unha relevante posición de dominio de mercado. En Galicia, dous bancos van a dispor de máis de dous tercios do mercado financeiro e isto é un risco elevado para as persoas consumidoras.

As consecuencias deste proceso que rematou nestes días poden anticiparse. É imprescindible evitar un novo axuste laboral sobre as 1.200 persoas traballadoras do Banco Pastor en Galicia, vítimas de deficientes regulacións, supervisións e xestións financeiras feitas por outros.

Ademais de maiores dificultades de acceso ao crédito para Pemes e familias, e un crecente proceso de exclusión financeira en moitos municipios do rural.

Esta situación lévanos aos socialistas a mostrar a nosa preocupación por estes efectos que a venda do Banco Popular ao Banco Santander podan ter para os empregados e empregadas, ademais das consecuencias negativas para as persoas consumidoras que pode provocar a crecente concentración do sistema financeiro, e en xeral para a sociedade galega.

É importante lembrar que o Banco Popular, trala absorción do galego Banco Pastor, tiña unha presenza moi importante en Galicia; de aí tamén a nosa preocupación polos efectos que a súa desaparición poda ter en Galicia sobre os empregados e empregadas que, ademais, eran en boa medida tamén accionistas, e que van a perder parte dos seus aforros.



 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Defender ante o novo/a propietario/a o mantemento en Galicia da marca Banco Pastor.
2. Defender ante o/a novo/a propietario/a o mantemento en Galicia do maior volume posible dos postos de traballo existentes, e arbitrar as medidas menos traumáticas posibles, pactadas cos sindicatos, para o axuste laboral que sexa necesario.
3. Defender ante o/a novo/a propietario/a o impacto en termos de empregos indirectos e indución de actividades que o Banco Pastor-Popular xera en Galicia, promovendo un plan de mantemento e recuperacións das mesmas.
4. Defender a necesidade de arbitrar medidas de cooperación institucional que permitan minorar o mais posible o impacto dos cambios de propiedade, e colaborar co mantemento das actividades da Fundación Barrié en Galicia.
5. Solicitar aos organismos de regulación e supervisión bancaria, así como a CNMV, a investigación das últimas ampliacións de capital e emisións de accións e instrumentos similares, así como as condicións en que moita xente mercou accións nas últimas ampliacións de capital do Banco Popular.



 Grupo Parlamentario

6. Colaborar desde o ámbito autonómico para facilitar aos pequenos accionistas a presentación das reclamacións que permitan recuperar os aforros afectados por esas ampliacións de capital e operacións conexas.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/06/2017 10:16:43**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/06/2017 10:17:14**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/06/2017 10:17:19**



## (0011945) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm.**10795**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia, que será debatida na sesión plenaria do día 11 de xullo de 2017.

### EMENDA DE ENGÁDEGA

Debese engadir un novo punto.

“6.- Solicitar da dirección do Banco de Santander a compensación de perdas sufridas polos pequenos accionistas do Banco Pastor, tendo especial consideración cos que accederon á última ampliación de capital de maneira que poidan recuperar o seu investimento.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Luís Villares Naveira

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 13:56  
Nº Rexistro: 11945  
Data envío: 10/07/2017 13:56:29.580



**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 10/07/2017 13:52:52**

**Luis Villares Naveira na data 10/07/2017 13:53:04**



## (0011966) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/07/2017 16:34**  
**Nº Rexistro: 11966**  
 Data envío: 10/07/2017 16:34:43.202

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte Emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia "Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia."(10795(10/PNP-001014)).

### Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Manifestar a súa solidariedade con todas as persoas que traballan no Banco Pastor, na súa Fundación e nas numerosas empresas auxiliares, coas persoas afectadas, coa clientela e co seu accionariado, amosando a firme convicción da Cámara de defender diante do Banco de Santander que o Banco Pastor teña a condición xurídica de filial integrada dentro do grupo bancario, tal e como sucedía na actualidade no grupo Popular-Pastor.
2. Velar porque o cambio na propiedade no Banco Pastor teña para Galicia o menor impacto posible sobre a concesión de crédito e o emprego, e se é o caso, os axustes se fagan co maior acordo posible e defendendo os intereses dos traballadores no eido das competencias que ten a Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 16:34  
Nº Rexistro: 11966  
Data envío: 10/07/2017 16:34:43.202

3. Solicitar da dirección do Banco Santander a compensación das perdas sufridas polos pequenos accionistas do Banco Pastor, tendo especial consideración cos que accederon á última ampliación de capital, de maneira que poidan recuperar o seu investimento.

4. Solicitar que o novo propietario, Banco Santander, manteña os compromisos adquiridos polo Banco Popular coa Fundación Barrié, para que poda seguir desenvolvendo a súa labor social e cultural con recursos suficientes.

5. Solicitar aos órganos de supervisión bancaria e do mercado a investigación da últimas ampliacións de capital e emisións de accións co obxecto de determinar se os subscritores contaron cunha información clara, nidia e precisa para poder levar a cabo os seus investimentos."

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 10/07/2017 16:32:46**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



## (0012000) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 10/07/2017 17:56  
 Nº Rexistro: 12000  
 Data envío: 10/07/2017 17:56:12.092

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **10795**, [10/PNP-001014], do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 11 de xullo de 2017.

#### Emenda de modificación:

Proponse a modificación dos puntos 2, 4 e 5, que quedarían da seguinte forma:

“2. Defender o mantemento en Galiza dos postos de traballo existentes e arbitrar as medidas a tomar en consenso cos sindicatos do ámbito de relacións laborais galego.

4. Investigar o papel dos organismos de regulación e supervisión bancaria, especialmente no referido ás últimas ampliacións de capital e á emisión de accións e instrumentos similares, así como as condicións en que moita xente mercou accións nas últimas ampliacións de capital do Banco Popular.

5. Proceder á creación inmediata de mecanismos de atención ás persoas afectadas, entre eles unha oficina específica para atender ás persoas afectadas polas recentes actuacións de concentración bancaria e facilitar aos pequenos accionistas e





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 17:56  
Nº Rexistro: 12000  
Data envío: 10/07/2017 17:56:12.092

aforradores a presentación das reclamacións que permitan recuperar as perdas polas ampliacións de capital e operacións conexas.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/07/2017 17:18:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/07/2017 17:18:36**



#### **4.8 10/PNP-001016 (0010801)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada



(0010801) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/06/2017 10:47**  
**Nº Rexistro: 10801**  
 Data envío: 22/06/2017 10:47:16.598

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao papel da administración diante das propostas de legalización e normalización dos ventres de alugueiro.

Nos últimos tempos vimos asistindo a un maior protagonismo na palestra pública de debates arredor dos ventres de alugueiro, tanto a través dos medios de comunicación como a partir das declaracións públicas de representantes públicos, comunicados, mocións e outros tipos de manifestacións de opinión. Máis aínda, diversas entidades sociais así como organizacións políticas teñen feito o anuncio de inminentes propostas legislativas, mesmo a través duna proposta de iniciativa legislativa popular (ILP), impulsada por asociacións detrás das que se atopan intereses económicos claros (clínicas privadas, bufetes de avogacía...).

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que estamos diante dun escenario político e institucional non que é plausíbel que nun prazo non moi extenso de tempo se leve a debate a legalización e lexislación dunha forma de mercantilización do corpo da muller denominado co eufemismo de *xestación subrogada*. Neste contexto, entendemos que é importante que os foros políticos galegos deliberen a respecto desta cuestión.



8817226  
88172264212  
003420

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/06/2017 10:47  
Nº Rexistro: 10801  
Data envío: 22/06/2017 10:47:16.598

Como consideración introdutoria, desde o Bloque Nacionalista Galego aseveramos que se trata dun debate profundo que atinxe aos máis elementais dereitos de dignidade das mulleres e desbotamos os intentos de limitar o debate ao terreo medicinal e á limitación do seu alcance a unha mera técnica de asistencia para a reprodución. Por outra banda, cómpre recordar que nesta cuestión, como en calquera outra das moitas que atinxen á vida das mulleres, non é alleo o contexto social e económico. Polo tanto, non podemos obviar nin analizar separadamente o feito de atopármonos nun momento de ofensiva capitalista que ten graves consecuencias sobre as clases populares do noso país e, máis aínda, sobre as mulleres, xa que as políticas neoliberais dos gobernos galegos e estatal así como as políticas mundiais e europeas inciden de forma fundamental á hora de perpetuar e aumentar as desigualdades e o mantemento do sistema patriarcal.

Neste sentido, falamos premeditadamente de *ventres de alugueiro* no lugar de empregar eufemismos como *maternidade subrogada* por que entendemos que detrás desta práctica agóchase a mercantilización dos corpos das mulleres. Máis aínda, neste contexto social e económico entendemos que é inevitábel que abra a porta a que moitas mulleres se vexan obrigadas polo seu contexto vital e social a desenvolver ese papel de incubadora e polo tanto, incorrer maioritariamente nunha terríbel desigualdade na relación contractual. O resultado esperado sería que persoas cunha determinada capacidade económica recibirían, achegando unha determinada contía, unha crianza xestada no ventre doutra muller dunha posición económica e/ou social inferior.

Mesmo internacionalmente, organismos nada sospeitosos de ser contrarios ao máis feroz capitalismo como o Parlamento Europeo advertiron desta nova forma de explotación das mulleres e da agresión que supón en termos de respecto aos dereitos humanos. Por exemplo, no seu *Informe anual sobre os dereitos humanos e a democracia no mundo (2014) e a política da Unión Europea ao respecto (2015/2229(INI))* indicando literalmente “a práctica da xestación por substitución, que é



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/06/2017 10:47**  
**Nº Rexistro: 10801**  
 Data envío: 22/06/2017 10:47:16.598



8817236  
88172344212  
003420  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

contraria á dignidade humana da muller, xa que o seu corpo e as súas funcións reprodutivas empréganse como unha materia prima” e tamén con contundencia que “debe prohibirse esta práctica que implica a explotación das funcións reprodutivas e a utilización do corpo con fins financeiros ou doutro tipo, en particular no caso das mulleres vulnerábeis nos países en desenvolvemento”.

Doutra banda, entendemos tamén que non se pode identificar o feito de ter descendencia biolóxica como un dereito e polo tanto non se pode superpoñer este interese particular á salvagarda xeral do ben común e da igualdade. Ademais, existen oportunidades como a adopción, que redonda tamén no cumprimento do dereito das crianzas a teren un fogar.

É habitual atopar entre os argumentos a favor deste procedemento o recurso ao “altruísmo”. Porén, adoita enmascarar outros intereses. Neste sentido, cómpre lembrar que non se pode decidir a regulación en base a casos específicos que puntualmente poidan situarse fóra da rede mercantil que existe neste ámbito e recordar a dificultade de dirimir con criterios obxectivos ese presunto altruísmo. Cómpre, xa que logo, evitar agochar nesta vía o grande perigo que supón a normalización e banalización dos ventres de alugueiro.

A orientación máis popular do debate vén xirando arredor do desexo da maternidade e paternidade biolóxicas e escúdase nas garantías legais de quen “contrata” este mecanismo. Nesta relación contractual, o papel da muller pasa a ser o de incubadora, despóxaselle de dignidade e sométese a prácticas abusivas durante a xestación e o parto, limitando a súa capacidade decisoria nun proceso que ten consecuencias que poden afectar á integridade persoal, emocional e física. De todos estes riscos e de terríbeis situacións dá cumprida conta calquera pesquisa polas hemerotecas.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/06/2017 10:47**  
**Nº Rexistro: 10801**  
 Data envío: 22/06/2017 10:47:16.598



8870266  
88172844219  
0652000  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

Nada indica que a súa regulamentación puidera traer consecuencias positivas ou limitar todos estes riscos. Polo tanto, cómpre abandonar falsos debates legalistas e a actitude de política de feitos consumados que se vén practicando no Estado español. Trátase dun debate situado na dignidade das mulleres e na necesidade de rexeitar a cousificación e o mercadeo cos nosos corpos.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

1.- Oporse á legalización, regulamentación e banalización da práctica dos ventres de alugueiro por constituír unha forma de explotación e mercantilización do corpo das mulleres, especialmente daquelas máis empobrecidas e vulnerábeis. Neste sentido, as modificacións legais pertinentes encamiñaranse a disuadir e impedir a práctica do alugueiro de ventres.

2.- Demandar do goberno do Estado a que as modificacións legais pertinentes arredor da práctica dos ventres de alugueiro estea baseada na disuasión e a non legalización, regulamentación e banalización dos ventres de alugueiro.”

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**  
**Montserrat Prado Cores**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/06/2017 10:47**  
**Nº Registro: 10801**  
 Data envío: 22/06/2017 10:47:16.598



8847226  
884722642222  
0642265  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/06/2017 10:25:16**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/06/2017 10:25:24**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/06/2017 10:25:25**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/06/2017 10:25:30**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/06/2017 10:25:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/06/2017 10:25:36**



## (0012006) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/07/2017 18:20**  
**Nº Rexistro: 12006**  
 Data envío: 10/07/2017 18:20:10.504

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte Emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego “Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada.”(10801 (10/PNP-001016)).

### Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Parlamento Europeo para que, unha vez estudada a práctica desenvolvida nos Estados membros da Unión Europea en materia de xestación subrogada, e tendo en conta a complexidade xurídica, ética e social deste asunto así como a dimensión transfronteiriza e as súas implicacións no exercicio dos dereitos humanos que a UE garante, este elabore un marco normativo homoxéneo no ámbito da Unión Europea, que deberá garantir o respecto da dignidade da muller e o interese superior dos menores, así como solventar a problemática da filiación dos menores concibidos baixo esta práctica en países alleos á Unión Europea. “

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

### Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2017 18:20  
Nº Rexistro: 12006  
Data envío: 10/07/2017 18:20:10.504

**Pedro Puy Fraga na data 10/07/2017 18:19:13**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

